

PREMIOS AFIPRODEL 2013

FICHA DO PROXECTO

Datos de identificación do proxecto

MODALIDADE	A. Proxectos/actuacións promovidos por administración públicas	<input type="checkbox"/>
	B. Proxectos/actuacións promovidos por entidades privadas	<input type="checkbox"/>
	C. Proxectos emprendedores/empresariais	<input checked="" type="checkbox"/>
NOME	Xanela S.Coop.Galega	
ENLACES	www.xanela.coop	
CONCELLO	Amoeiro	PROVINCIA Ourense
	Nome completo	Xanela Sociedade Cooperativa Galega
	Contacto	María Jesús Fernández Quinteiro
ENTIDADE PROMOTORA	Enderezo	Rúa Santiago 24, baixo. 32170 Amoeiro, Ourense
	Tfno.:	988 279 655
	@	info@xanela.coop
	web	www.xanela.coop
AEDL	Nome e apelidos	Beatriz Álvarez Pérez
	Entidade á que pertence	Concello de Amoeiro
	Concello	Amoeiro, Ourense
	@	tlamoeiro@hotmail.com
	Papel no proxecto	<ul style="list-style-type: none">- Contactar co Centro de Desenvolvemento Cooperativo Fundación Coren, dentro da Rede Eusumo, na procura de información y orientación personalizada en cuestión de cooperativismo.- Axudar na presentación de documentación das diversas licenzas municipais e outros trámites.- Suxerir medidas de difusión:<ul style="list-style-type: none">* Proporcionar información e contactos das diversas AAVV do concello.* Proporcionar información e contactos dos concellos limítrofes e as súas respectivas asociacións veciñais.* Organizar charlas de presentación na casa da Cultura municipal con todos/as presidentes/as das diversas AAVV- Axudar na presentación de diferentes subvencións.- Informar de actividades puntuais susceptibles de ser realizadas en colaboración co concello (subvencións, actividades,...)

-
- Dar a coñecer o proxecto entre as diferentes entidades locais, tanto do propio concello coma nos limítrofes.
 - Facer de intermediaria na concesión de autorizacións por parte do Concello para o uso de diversos espazos municipais onde realizar diversas actividades a baixo custo ou a custo cero coma o pavillón de deportes, piscinas municipais, e así poder realizar máis e mellores actividades.
 - Informar á cidadanía en xeral de proxectos puntuais coma o campamento de verán, por exemplo.
-

Descrición do proxecto

PRESENTACIÓN Xanela S.Coop.Galega está formada por tres socias traballadoras: unha pedagoga con ampla experiencia no eido da terceira idade, unha pedagoga terapeuta con anos dedicados á atención á diversidade, ao ensino das diferentes ciencias e á formación a desempregados/as, e unha mestra de Lingua Inglesa con experiencia contrastada no ensino das diversas linguas e literatura: lingua castelá, galega, inglesa, francesa, latín e grego así coma na formación de adultos.

Traballamos basicamente en tres liñas:

- Envellecemento activo: concienciando á poboación da importancia que este tipo de actividades ten na súa saúde física, mental e social, e desenvolvendo diversas actividades en asociacións veciñais: pilates, ximnasia de mantemento, baile e estimulación da memoria, cachibol, entre outros.
- A formación: ofrecendo servizos de apoio escolar a todos os niveis e asignaturas, sempre coa lingua inglesa de xeito transversal. A nosa metodoloxía no ensino está baseada na teoría das Intelixencias Múltiples de Howard Gardner
- Alternativas de ocio: ofrecendo servizos deportivos, de ocio e artísticos, coma fútbol infantil, baile, zumba, organización de torneos de fútbolín, de festas sen alcol para os mozos e mozas da contorna, teatro...

XUSTIFICACIÓN

Xanela S.Coop.Galega, naceu a raíz de dúas necesidades:

1. A social: a de dar servizos tanto de formación coma de ocio - lúdico – deportivas para todas as idades, e de envellecemento activo, nunha comunidade rural situada nunha contorna moi ampla, cunha poboación que abarca todas as franxas de idade debido á cercanía coa capital (14 Km) e, pola contra, carente de calquer tipo destes servizos, evitando así o aillamento e o abandono do rural. Sempre, dende a óptica da difusión dos valores do cooperativismo, como exemplo e modelo para a correcta convivencia e mellora da comunidade, e da difusión do cooperativismo entre os mozos e mozas como alternativa democrática, honesta e transparente á obtención dun traballo estable, xusto e solidario.
2. A persoal: a obtención dun traballo estable nestes tempos de incertidume. Dúas de nós superan os 45 anos, idades difíciles para a contratación por conta allea.

Xanela como S.Coop.Galega xurdiu, por unha banda, da convicción de que os valores universais do cooperativismo (Axuda Mutua, Responsabilidade, Democracia, Igualdade, Equidade e Solidariedade) son valores que deben estar presentes en todos os ámbitos de nosa vida cotiá, en calquera tipo de relación (laboral, amizade, comunidade,...) e/ou acción; pola presenza de todos eles na nosa propia forma de ser, innatos en cada unha de nós; e, pola outra, por ser a ferramenta perfecta que nos permite participar para lograr un ben común repercutindo no ben e mellora da comunidade que nos rodea.

DESCRIPCIÓN

DESCRIPCIÓN

Xanela ten como fin o de prestar servizos á comunidade, nos ámbitos da formación non formal a todos os niveis, servizos lúdico-deportivos e de envellecemento activo a través de metodoloxías innovadoras e específicas en cada unha das diferentes áreas de actuación.

A) Ofrecer unha educación en valores.

B) Ofrecer unha formación de calidade adaptada ás necesidades e características propias de cada alumno/a empregando todos os recursos innovadores ao noso

alcance, principalmente os fundamentos pedagóxicos baseados nas intelixencias múltiples e o uso das TIC.

C) Ofrecer unha formación trilingüe: en lingua galega, castelá e inglesa fomentado o uso e o respecto polos tres idiomas.

D) Favorecer o coidado pola saúde, ofrecendo servizos lúdico-deportivos aos máis pequenos.

E) Ofrecer formación a adultos en materia de lecto-escritura e competencias clave para facilitar e mellorar o seu acceso ao mercado laboral.

F) Fomentar e educar na igualdade de xénero.

G) Fomentar o coidado e respecto polo medio ambiente, fomentando a reciclaxe, empregando materiais reciclados e reciclables, estimulando o coñecemento pola flora e fauna da nosa contorna.

H) Formar na educación vial.

I) Facilitar a conciliación familiar.

J) Mellorar a calidade de vida dos nosos maiores mellorando as súas habilidades sociais e a súa autoestima.

K) Mellorar as capacidades físicas e cognitivas dos maiores a través de obradoiros específicos de risoterapia, pilates, estimulación da memoria ou desenvolvemento cognitivo, entre outros.

L) Favorecer o coidado pola saúde, xestionando o estrés, fomentando a sociabilidade e evitando o illamento e o sedentarismo, fomentando as relacións sociais e facilitando a integración, ofrecendo servizos lúdico-deportivos ás persoas de idades comprendidas

M) Dar a coñecer o cooperativismo como fórmula de autoemprego.

N) A difusión e posta en práctica dos valores do cooperativismo como valores universais de convivencia social, laboral e familiar.

OBXECTIVOS

- Autoemprego feminino
- Fomentar o autoemprego en xeral: Xanela S.Coop.Galega traballa de forma conxunta con empresas doutros eidos, como os de cuidados e/ou saúde, ou organización de eventos, de xeito que se poidan ofrecer máis e diversos servizos á nosa comunidade ao tempo que se consolidan postos de traballo.
- Evitar o abandono do rural ofertando servizos inexistentes na contorna.
- Favorecer a revitalización do concello: consideramos que cantos máis servizos ofrezca o concello, máis posibilidades hai de que ás familias de estadia vacacional, decidan quedar a residir no concello durante todo o ano.
- Dinamización do concello nos diferentes eidos da sociedade: social, cultural, económica,

ACTUACIÓNS

A maiores das clases de apoio a todas as idades, niveis e asignaturas:

- Recollida do alumnado de primaria do colexio Ramón Otero Pedrayo ás 16:30 horas con servizo de merenda, fomentando hábitos de alimentación saudables, e axuda cos deberes e tarefas do colexio de xeito que as nais e pais, cando os recollen ás 19 horas dispoñan de tempo para desfrutar dos seus fillos e fillas.
 - Servizo de gardaría matinal ata a hora de entrada no colexio (dende as 6 a.m.)
 - Servizo de ludoteca nas mañás de todo o verán.
 - Desenvolvemento do programa específico da Xunta de Galicia, FSE e Concello de Amoeiro:
“Evitar o abandono escolar no rural”
-

- Manualidades con materias reciclados e reciclables (papel, cd, rolos de papel hixiénico, paus de madeira de xeados,...)
- **Obradoiro infantil de elaboración de cupcakes**, decoración de galletas e biscoitos,...
- Desenvolvemento do programa específico do FEMP xunto co Misiterio de Sanidade e o Concello de Amoeiro: “Servizo Responsable”: **I Campionato Fútbolín Amoeiro**
- Obradoiro de “Adestramento e Potenciación da Memoria”, “Pilates”, “Zumba” e “Ximansia de mantemento” en diversas asociacións veciñais.
- **Creación dun equipo de fútbol infantil.**
- Dinamización económica do concello co desenvolvemento do programa específico do **FEMP xunto co Misiterio de Sanidade e o Concello de Amoeiro: “Servizo Responsable”** destinado á formación dos hosteleiros locais en cuestións relacionadas co servizo responsable, e colaborando na **creación do “Circuíto de ocio Seguro”**
- Dinamización social do concello coa celebración do **I Halloween Amoeireense**, xa que foi a primeira vez na historia de Amoeiro na que nenos e nenas de todas as idades, concellos limítrofes, pais, nais.....se xuntaron para disfrazarse e saír polos comercios a celebrar o “Truco ou Trato”

**ESTRATEGIAS,
METODOLOXÍAS**

As bases metodolóxicas nas que se sustenta a nosa forma de traballar, en todos os eidos que abarcamos, son fundamentalmente dúas: a aprendizaxe cooperativa e a aprendizaxe a partir da teoría das intelixencias múltiples.

APRENDIZAXE COOPERATIVA:

Democracia: As decisións tómanse en grupo e todos e todas son responsables do resultado final e das súas

decisións (por exemplo á hora de decidir que materia queren realizar primeiro, ás veces ten resultado que era a máis aburrida ou difícil de realizar). Para poñer en práctica este principio cooperativo, os rapaces e rapazas, indistintamente da idade, reúnen en asemblea para tomar decisións que afectan a totalidade do grupo (por exemplo, en que orde queren ir ao baño a lavar as mans antes da merenda), de xeito que aprenden actitudes coma a de escoitar, expresar as súas opinións, flexibilizalas, aprender a tomar decisións e respectar as dos demais,.....

Igualdade: todos axudan a recoller os diversos materiais utilizados durante as actividades e a limpar a aula onde desenvolveron a actividade. Non importa se o fan ben ou mal, só importa que aprendan que todas as tarefas son susceptibles de ser desenvolvidas por todos, que é un labor de todos e todas o coidado das cousas e as diversas tarefas da vida cotiá. Facemos especial fincapé nesta cuestión co obxectivo de difundir e modificar actitudes xa dende a infancia, tendo moi presente a sociedade que nos rodea. Fomentamos a igualdade favorecendo a participación en grupos e asembleas de todo o alumnado independentemente do sexo ou a idade. Tamén, fomentando actitudes de respecto cara o resto da poboación, xa que no pobo encóntrase situado un centro que alberga discapacitados psíquicos e que intentan facer una vida normal, paseando polas rúas, lendo un periódico no parque ou indo ás diversas cafeterías da zona.

Solidariedade: recollida de tapóns de plástico para a axuda de nenos e nenas con problemas. Xanela S.Coop.Galega é colaboradora da Obra Social La Caixa, deste xeito participamos no intercambio de recursos educativos, kits, entradas de teatro, recursos on-line,.....

Responsabilidade: á hora de recoller as súas cousas ou de devolvelas ao seu sitio, de seren sinceros, de non mentir nin decir palabras ou frases malsoantes, ser consecuentes coas súas decisións,...

Traballo en equipo: A clase divídese en grupos ou fórmase un único, deste xeito, os estudantes non aprenden sos. Aínda que teñan que realizar tarefas individualmente, forman parte dun traballo en grupo (por exemplo elaborando esquemas dunha lección a estudar).

Axuda mutua: valor moi presente e que se pon en práctica todos os días, por exemplo, cando os máis cativos non saben pelar una laranxa, son axudados polos maiores.

INTELIXENCIAS MÚLTIPLES

O Doutor Howard Gardner define a intelixencia como:

- a capacidade de resolver problemas cotiáns.
- a capacidade para xerar novos problemas para resolver.
- a capacidade de crear produtos ou ofrecer servizos valiosos dentro do propio ámbito cultural.

Desta definición Gardner desprende a seguinte conclusión: " *a brillantez académica non o é todo*" (non é máis intelixente Einstein ca Dalí, ou ca un deportista de elite, por exemplo), e define a intelixencia coma unha capacidade, unha destreza que se pode desenvolver. Afirma que esas potencialidades desenvolveranse dun xeito ou outro dependendo do medio ambiente, das experiencias vividas, da educación recibida,... e que todos os seres humanos están capacitados para o amplo desenvolvemento da súa intelixencia apoiados nas súas capacidades e

motivación.

Actualmente, Howard Gardner diferencia 8 tipos de inteligencias:

- *Inteligencia Lógico-matemática*: capacidade de entender relacións abstractas. A que empregamos para resolver problemas de lóxica e matemáticas. A dos científicos.
- *Inteligencia Lingüística*: capacidade de entender e utilizar o propio idioma. Escritores, poetas e bos redactores.
- *Inteligencia Espacial*: capacidade de percibir a colocación dos corpos no espazo e de orientarse. Consiste en formar un modelo mental do mundo en 3D. Ciruxanos, mariñeiros, arquitectos, escultores, decoradores,...
- *Inteligencia Corporal-kinestésica*: capacidade de percibir e reproducir o movemento. Capacidade de empregar o propio corpo para realizar actividades ou resolver problemas. Son as actitudes de deportistas, bailaríns, ciruxiáns, e artesáns.
- *Inteligencia Musical*: capacidade de percibir e reproducir a música. Cantantes, compositores, músicos, bailaríns.
- *Inteligencia Intrapersoal*: capacidade de entenderse a si mesmo e controlarse. Autoestima, autoconfianza e control emocional. Non está asociada a ningunha actividade concreta.
- *Inteligencia Interpersoal*: capacidade de poñerse no lugar do outro e saber tratalo. Sérvenos para mellorar a relación cos outros (habilidades sociais e empatía). Permítenos entender aos demais, e adoitámola encontrar nos bos

vendedores, políticos, profesores ou terapeutas.

*A intelixencia intrapersonal e a interpersonal conforman a **Intelixencia Emocional** e xuntas determinan a nosa capacidade de dirixir a nosa propia vida de xeito satisfactorio.*

- *Intelixencia Naturalista*: capacidade de observar e estudar a natureza, co obxecto de saber organizar, clasificar e ordenar. É a que demostran os biólogos, os naturalistas ou os ecoloxistas.

Gardner resalta o feito de que todas as intelixencias son igualmente importantes e, segundo isto, o problema sería que o sistema escolar vixente non as trata por igual senón que prioriza as dúas primeiras da lista, (a intelixencia lóxica-matemática e a intelixencia lingüística).

Esta metodoloxía levámola á práctica de diversas formas: aproveitamos a intelixencia musical para aprender os saúdos en lingua inglesa, xogamos ao Sudoku para mellorar a lóxica matemática, a certo tipo de videoxogos para mellorar a rapidez no cálculo mental,..




Cos impresionantes, e tan realistas, debuxos da “teacher Marisol”, espertamos o seu interese e motivación

Promovemos e ofrecemos ferramentas para que o alumnado poda investigar, buscar solucións, buscar datos,..... Proba desto é a existencia de ordenadores en todas as aulas, xogos de formulación química,.....; posto que consideramos é fundamental para o desenvolvemento da nosa vida, sermos capaces por nós mesmos, de atopar as solucións aos problemas cos que nos podamos atopar.

Potenciamos as intelixencias interpersonal e intrapersonal a partir de actividades que permiten a comunciación social (assembleas), contacto afectivo e de actividades que permitan a introspección, ofrecéndolles as ferramentas necesarias para que se plantexen preguntas e cheguen as súas propias conclusións. Con este tipo de actividades fórmanse mentes emprendedoras, capaces de colaborar afectivamente; personalidades con confianza en si mesmas. Estas actividades apóianse, tamén, con carteis motivacionais situados nos diferentes taboleiros de Xanela.





RESULTADOS

Este ano foi moi positivo, todos os alumnos e asociacións veciñais seguen contratando os nosos servizos, e cada vez temos máis usuarios de concellos cercanos.

En canto os datos relativos á formación tanto de rapaces e rapazas coma de adultos tivemos unha porcentaxe dun 100% de aprobados.

Os pais están moi satisfeitos co noso traballo, e a proba é que queren estar con nós, gústalle a nosa forma de traballar, e algúns veñen incluso dende Ourense capital. Os obradoiros de cupcakes e Halloween foron un completo éxito: para a celebración do Halloween contamos co apoio de todos os comercios da zona que puxeron decoración típica e repartiron golosinas. Era a primeira vez que se facía algo así, e congregamos ao redor de 50 nenos e nenas con idades comprendidas entre os 2 e os 16 anos de varios concellos da contorna, xunto con pais e nais, disfrazados e maquillados por Xanela para a ocasión, chegando a cortar o tráfico nalgúns tramos, por seguridade, debido á “procesión” de pantasma, bruxas e monstros.

A relación cos nosos usuarios e usuarias é marabillosa: apoian todas e cada unha das nosas iniciativas, moitos/as dos/das hosteleiros viñeron ás charlas

informativas e apoiaron a creación do *circuíto de ocio seguro* solo polo mero feito de que fose unha acitividade promovida por Xanela.

A ANPA do colexio CEIP Ramón Otero Pedrayo púxose en contactos con nós a raíz da celebración do I Halloween Amoeirense para que fose Xanela que desenvolvese as actividades extraescolares do colexio.

Ao igual que os mozos e mozas que participaron no campionato de fútbolín e degustación de cócteles sen alcol (moitos dos cales nos coñeceron durante o desenvolvemento do programa “*Evitar o abandono escolar no rural*” da Consellería de Educación). Chegaron, incluso, a deixar completamente de lado a competitividade, a regalarse puntos, a aprenderse os uns aos outros,.. unha experiencia de igualdade, compañeirismo, amizade, respecto e agarimo, que encheu de orgullo e satisfacción, entre outros moitos máis sentimentos, a nosa alma. Chegando incluso a solicitarnos que nós as tres planificasemos e organizasemos a festa de Fin de Ano 2014.

ELEMENTOS
SALIENTABLES

- Dinamización da contorna.
- Alternativas de ocio xuvenil no rural
- Actividades conuntas de pais/nais e fillos/as
- Modelo de aprendizaxe baseado na teoría das intelixencias múltiples de Howard Gardner
- Implicación da comunidade e veciñanza (xa descrita no parágrafo anterior)
- Xanela colabora con empresas doutros sectores, ofrecendo servizos conxuntos, deste xeito, contribúe á xeración e consolidación do autoemprego, á posibilidade de ofrecer máis servizos e de mellor calidade
- O dominio da nosa web é **.coop**
- Xanela está integrada no **Polígono Virtual de Galicia**, dende o nacemento do mesmo: é unha vía de comercio que funciona coma unha unión de empresas e emprendedores. Creemos

firmemente na existencia doutras formas de expansión, intercambio de recursos, axuda ao emprendemento, consolidación de postos de traballo, de formas para dar a coñecer servizos,... neste caso, dun xeito virtual. É o **primeiro polígono virtual DE EUROPA**, con sede, e impulsado polo Concello de Amoeiro.

<http://www.poligonovirtualdegalicia.com/index.html>

PERSPECTIVA DE FUTURO

A apertura de Xanela S.Coop.Galega foi moi ben recibida no concello, recordemos que ata o 6 de novembro de 2012, non existía nada parecido. Os pais e nais tiñan que percorrer 15 km ata o centro da cidade para encontrar servizos de formación, as asociacións veciñais dependían das subvencións para recibir algún obradoiro,....

O número de usuarios aumenta polo "boca a boca". No Concello está situado o CEIP Ramón Otero Pedrayo, e nos concellos limítrofes tamén hai escolas unitarias e centos de primaria e secundaria.

En todos hai asociacións veciñais e vivendas comunitarias para a terceira idade. Cada vez son máis os que nos chaman solicitando os nosos servizos

Xanela traballa con outras empresas, todas de rigor, profesionais e con calidade, e eso é o que nos distingue. Son esas as cuestións, xunto co noso modelo formativo, as que fan que a xente repetise este ano, e que outra se decidise a probar con nós.

Proximamente temos pensado ampliar os servizos á terceira idade con servizos de saúde como podoloxía, fisioterapia,.... traballando de forma conxunta cunhas mozas emprendedoras. Tamén, participar nos proxectos que surxan a raíz da plena consolidación do Polígono Virtual de Galicia, coma por exemplo, servizos de ludoteca durante xornadas formativas e/ou informativas. Sen esquecer os traballos conxuntos con administracións locais, organización de eventos coma Halloween, torneos de fútbolín xuvenil, festas sen alcol para xóvenes,....

Hai pouco, firmamos un convenio de colaboración cunha hípica dun concello veciño, tamén cunha empresa de alquiler atraccións, doutro concello veciño, onde non só se poderá practicar hípica, se non celebrar cumpreanos, comunións, xornadas de elaboración de cupcakes ou cociña saudable infantil ao dispor das instalacións axeitadas para tal fin, por unha banda, e dos medios necesarios, pola outra.

FINANCIACIÓN

Xanela poido comezar a súa actividade grazas o apoio económico das familias que fixeron unha gran aposta polo noso proxecto. Pola outra banda, a consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia concedeunos diversas subvencións para o inicio da actividade. Para poder facer fonte ás mesmas, a Cooperativa de Crédito Coop57, concedeunos un adianto das subvencións.

RECURSOS EMPREGADOS

RECURSOS HUMANOS:

- Nós as tres.
- Concello: apoia o noso proxecto de dinamización da contorna, cedéndonos espazos municipais para o desenvolvemento de diversas actividades (polideportivo, aula da natureza, casa da cultura,...)
- Empresas deportivas e de saúde coas que firmamos convenios de colaboración para ofrecermos servizos de forma conxunta.

RECURSOS MATERIAIS:

As instalacións de Xanela están situadas no centro urbán da vila de Amoeiro. A superficie é de 63,88m² distribuídos en: corredor, dúas aulas, un despacho – sala de reunións, un baño e un pequeno almacén. Debido ao noso empeño de dar a coñecer, dentro das nosas posibilidades, a fórmula cooperativa, e á nosa crenza na fórmula democrática, optamos por poñer un nome a cada un dos espazos que conforman as instalacións: Amizade, Valores e Rochdale. Nomes relacionados directamente co cooperativismo, por unha banda, para evitar caer en denominacións xenéricas

coma “*despacho de dirección*”, “*aula de Tere*” ou “*aula de Marisol*”, e, pola outra, coma ferramenta de difusión do cooperativismo. As cores predominantes son o gris claro e o vermello, reflexando a vitalidade e a serenidade. Combinación que fai que as instalacións non parezan nin demasiado infantís aos nosos maiores, nin demasiado sobrias aos nenos e nenas. O aseo está completamente adaptado e o espello ten forma de gota de auga, outra metáfora visual, relacionada co medio ambiente. Para fomentar hábitos de hixiene e o uso da lingua inglesa como tema transversal puxéronse carteis coas seguintes ordes ou recomendacións en lingua inglesa: *Close de lid* (Baixa a tapa), *Wash your hands* (Lava as mans), *Close the door, please* (pecha a porta, por favor).

Ás paredes das aulas están pintadas cunha pintura especial que imita á pizarra tradicional o que facilita o traballo tanto individual coma colectivo, o traballo de máis dun alumno ou alumna ao mesmo tempo, a aprendizaxe de termos noutros idiomas ao estaren escritos xornadas enteiras consecutivas,.....

A maiores:

- Ordenadores en todas as aulas para uso de todo o alumnado: busca de información, realización de tarefas,.....
- Portátiles
- Tableta
- Proxector
- Wifi en todo o local para que o alumnado poda traballar coas súas tabletas.
- Pequena biblioteca nos tres idiomas: galego, castelán, inglés.
- Xogos de química.

-
- Xogos de física.
 - Microscopio
 - Xogos de palabras

OUTROS DATOS

Xanela obtivo o **premio “Ao mellor proxecto cooperativo 2013”** concedido polo Consello Galego de Cooperativas. Salientar que este premio foi compartido coa cooperativa Luscofusco.

Xanela participou nun programa da Xunta, grazas ao cal foi seleccionada para o **diseño e implantación da nosa web**, así coma noutro, **para a gravación dun video promocional** (o link está nos enlaces)

ENLACES RELACIONADOS

<http://xanela.coop>

[@XanelaCoop](https://www.facebook.com/XanelaSCoopGalega?ref=hl)

<http://www.diadocooperativismo2013.com/?id=6>

<http://www.diadocooperativismo2013.com/?id=8>

<http://www.youtube.com/watch?v=Y5GDVBQMkQM>

<http://www.farodevigo.es/portada-ourense/2013/07/02/premios-proyecto-coop-xanela-mancomunidad/838839.html>

<http://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/2013/07/01/dos-cooperativas-mujeres-ourensanas-reciben-premio-xunta/0003137>